



Que non rouben as nosas pensións!!! NON CREAS AS SÚAS MENTIRAS

O Goberno do PP, fiel ao mandato da banca e do capital financeiro –que buscan facer negocio coas pensións públicas–, está a promover unha nova reforma para reducilas a límites de miseria co obxectivo de favorecer os plans de pensións privados de bancos e aseguradoras.

O Estado español ten un gasto en pensións inferior ao do resto da Unión Europea, que se financian unicamente coas cotizacións das nóminas da clase traballadora e das empresas e non cos orzamentos públicos (cos que si se financia, por exemplo, a Casa Real, a Igrexa católica e o exército).

Galiza non é deficitaria en pensións, por moito que intenten enganarnos. O noso país ten máis de 300.000 traballadores/as emigrados/as no resto do Estado que cotizan para a Seguridade Social neses lugares, cuestión que se ignora á mantenta para que creamos que nos están a subsidiar.

As pensións públicas, das que dependen millóns de familias, son un dereito que sempre debe de estar asegurado por parte da Administración. Trátase do único sistema garantista, conquistado coa loita da clase traballadora, para o que se deben de facer as políticas económicas e laborais axeitadas.

10 de marzo

Concentración Pontevedra: ás 20:00h. Praza da Peregrina

**LOITA COA CIG NA DEFENSA
DUNHAS PENSIONES PÚBLICAS E DIGNAS!**



Confederación Intersindical Galega

www.cig.gal